

ALÉN DAS MONTAÑAS

[Jia Zhang-Ke, 2015]

117

ESTREA EN NUMAX: 20.05.2016 | v.o.s.g. | +7

FICHA TÉCNICA

Shan he gu ren (2015, 131')

Dirección: Jia Zhang-Ke

Guión: Jia Zhang-Ke

Reparto: Tao Zhao, Zhang Yi, Liang Jingdong, Dong Zijian, Sylvia Chang

Montaxe: Matthieu Laclau

Dirección de arte: Qiang Liu

Son: Juliette Heintz

Música: Yoshihiro Hanno

Fotografía: Nelson Lik-wai Yu

Produtora: Xstream Pictures, Beijing Runjin Investment (China), Arte France, Centre National de la Cinématographie, L'Aide aux Cinémas du Monde (Francia), Bandai Visual, Office Kitanó (Xapón)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 1.33:1, 1.85:1, 2.35:1

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Un toque de violencia, 2013

Ciudad 24, 2008

Naturaleza muerta, 2006

El mundo, 2004

Placeres desconocidos, 2002

Platform, 2000

Pickpocket, 1997

PREMIOS

Asian Film Awards 2016 (mellor filme), Cannes 2015 (nomeado á Palma de Ouro), Golden Horse 2015 (premio do público, mellor guión –Jia Zhang Ke–), Miami 2016 (gran premio do xurado, mellor actriz –Tao Zhao–), Donostia 2015 (premio do público).

SINOPSE

China, finais de 1999. Tao, unha moza de Fenyang, é cortexada polos seus dous amigos da infancia, Zang e Lianzi. Zang, propietario dunha estación de gasolina, está destinado a un futuro prometedor, mentres que Liang traballa nunha mina de carbón. O seu corazón está dividido entre os dous homes e debe tomar unha decisión que selará o seu destino e o do seu futuro fillo.

«Trátase sen dúbida da obra dun mestre, un filme iluminado pola emoción e a sabiduría»

Carlos Reviriego. EL MUNDO



ALÉN DAS MONTAÑAS

[Jia Zhang-Ke, 2015]

O status do amor na era do consumismo: unha entrevista con Jia Zhang-Ke

Por Amir Ganjavie

A nivel temático cal é a relación entre este filme o resto da túa obra? Os meus filmes máis recentes falaban sobre a idea do consumismo, mais non tanto en termos das relacións humanas, o amor e as emocións. Para este filme quixen non pensar só na noción do consumismo senón tamén nas súas consecuencias sobre a seguinte xeración. E en parte fágoo a xeito de advertencia para min mesmo; dentro de dez anos moitas decisións que estou a tomar poden ter consecuencias negativas, por iso decidín situar as historias nun amplo lapso de tempo. E isto remítenos a unha pregunta sobre o sentido da existencia; se a vida non é o consumismo, daquela que é? Coido que temos que voltar á filosofía chinesa arredor das estacións da vida: nacemento, crecemento, enfermidade e morte. Ninguén pode escapar a isto, non importa canto diñeiro teñas, é inevitábel. É de esperar que comecemos a reconsiderar as relacións humanas.

Tamén nos falas da perda de identidade, particularmente a chinesa. Que é para ti a identidade chinesa? A súa historia, linguaxe, cultura, o socialismo chinés? Que corremos o risco de perder cando marchamos lonxe da casa e esquecemos de onde vimos? Neste caso reducín a miña perspectiva a un aspecto: a linguaxe. No capítulo do filme titulado *Futuro*, podemos ver chineses marchando a vivir a diferentes países. Estas novas xeracións non han falar nin sequera o mandarín, nin moito menos os dialectos de seus pais. De feito, nas miñas pesquisas e encontros con chineses no estranxeiro, puíden ver moitas familias nas que tan só un dos pais fala algo de inglés, namentres os fillos atópanse asimilados á cultura americana e falan só en inglés, o que xera un gran problema en termos de comunicación. No pasado, cando pensabamos nos nosos pais supúñase que eramos as persoas máis achegadas a eles,

mais no meu filme as futuras xeracións teñen dificultades lingüísticas e non son quen de se comunicar entre eles. En moitos casos un dos pais funciona de intérprete ou tradutor entre as xeracións e se esa persoa morre ou hai un divorcio desaparece o enlace que facilitaba a comunicación familiar. Nunha ocasión vin literalmente un pai en Washington D.C. empregando o Google Translate para se comunicar co seu fillo. Fiquei completamente abraiado e decateime da imposibilidade de que ninguén poida regresar a China cando non coñece a lingua materna. Para min este é un elemento moi moi importante, e quería incorporalo ao filme, mesmo cando non é un tema habitual a tratar.

Cada capítulo do filme está rodado nunha proporción de imaxe diferente. Que motivación hai tras esta escolla estética? O título, *Alén das montañas*, realmente comezou hai dez anos, aínda que no inicio non tiña nin idea de cal ía ser a historia. Nese momento, á volta do ano 2000, tiña unha cámara Minidv. Daquela comecei a gravar material documental e de arquivo para testemuñar o que estaba a pasar, e máis adiante revisei todo a metraxe gravada naquela época. Estaba realmente impactado e emocionado por unha chea de material que tiña en Minidv, na ratio 1.33:1, e decidín que para integrar o material vello no novo, tiña que respectar as mesmas proporcións no primeiro capítulo. Máis adiante, en 2014, empreguei outra cámara para gravar sen interrupción certo material dos mineiros e a industria do carbón, que decidín introducir no capítulo correspondente. A proporción era 1.85:1 e de novo para integrar a vella metraxe na nova empreguei a mesma ratio. Logo, á hora de preparar o seguinte capítulo, pensei que xa que tiña dúas proporcións diferentes, debía buscar unha terceiro de maneira que este elemento funcionase como marcador temporal, amosando tamén a transición dun tipo de fotograma a outro.

Publicado en <https://mubi.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Dits et écrits d'un cinéaste chinois.

Jia Zhang Ke. Capricci, 2015

Platform. **Jia Zhang Ke.** Intermedio [DVD]

The World. **Jia Zhang Ke.** Intermedio [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org